



**BORRADOR ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA  
DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)  
CELEBRADA O DÍA 09 DE NOVEMBRO DE 2018**

**SESIÓN Nº 13/2018**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

Carlos Vázquez Padín.

**CONCELLEIROS/AS**

**GRUPO MUNICIPAL DO PP**

Antonio Castro Negro  
Estrella Carmen Muradas Maceira  
Yovana Velázquez Torres

**GRUPO MUNICIPAL DO  
PSdG-PSOE**

Enrique Cabaleiro González.  
María Yolanda Rodríguez Rodríguez  
José Ramón Magán Rivera

**GRUPO MUNICIPAL C21**

Eduardo Freiría Martínez

**GRUPO MUNICIPAL**

**CIUDADANOS TUDENSES**

Milagros González Monteiro  
Andrés Urseira González

**GRUPO MUNICIPAL BNG**

María Carmen Núñez Méndez.  
José Martínez Tato

**GRUPO MIXTO**

Laureano Alonso Álvarez  
María Jesús da Silva Fernández.

José Prada Álvarez, concelleiro non  
adscrito

**AUSENCIAS:**

Miguel Ángel Capón Rey  
María José González Pérez

Na Casa do Concello, ás nove horas do día nove de novembro de dous mil dezaioito, reúnense os/as Concelleiros/as que están a marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente Carlos Vázquez Padín. Asiste a secretaria do concello Pilar Fernández Alonso e a interventora Elisa Marqués Parrilla. O obxecto da reunión é celebrar a sesión extraordinaria previamente convocada para o día da data e que se celebra en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

Intervén o Sr. Alcalde e indica que o Sr. Capón Rey e a Sra. González Pérez excusaron a súa asistencia por ter citas médicas. Engade que ten un whatsapp que recolle isto pero que non vai a ler un whatsapp no pleno.

**ORDE DO DÍA**

## A) PARTE RESOLUTIVA:

### 1.- EXPEDIENTE 2756/2018. PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2018 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 26/2018).

Vista a proposta de Alcaldía de data 06/11/2018 do seguinte teor literal:

#### “PROPOSTA DO ALCALDE

#### **ASUNTO: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2018 (MODIFICACION DE CRÉDITOS 26/2018) FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.**

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 1/2018, financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, co obxecto da aprobación dos gastos de persoal pendentes a 31/10/2018 por falta de crédito nas correspondente partidas, polo importe total de 40.873,84€.

Emitido informe de Intervención, esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, e do artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de **Suplemento de Crédito número 1/2018 (Modificación de Créditos n.º: 26/2018)**, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 40.873,84€ de acordo co seguinte detalle:

#### I.- GASTOS:

**Habilitación: Aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos ás que se suplementa crédito.-**

TIPO CREDITO	APLICACION ORZAMENTARIA			CONCEPTO	IMPORTE
SC	130	13001	01	Administración xeral Seguridade -Horas extraordinarias	11.084,10 €
SC	130	15100	01	Administración xeral Seguridade –Gratificacións	7.800,11 €
SC	150	15100	01	Administración xeral Viv. Urbanismo-Gratificacións	2.487,27 €
SC	1532	13001	01	Pavimentación vías públicas -Horas extraordinarias	84,80 €
SC	1532	15100	01	Pavimentación vías públicas- Gratificacións	678,56 €
SC	1621	13001	01	Recollida residuos -Horas extraordinarias	6.756,81 €
SC	1621	15100	01	Recollida residuos- Gratificacións	1.366,89 €
SC	164	13001	01	Cemiterios -Horas extraordinarias	1.164,05 €
SC	231	13001	01	Asistencia social primaria -Horas extraordinarias	830,25 €
SC	340	13001	01	Administración xeral deportes -Horas extraordinarias	365,42 €
SC	130	15000	01	Administración xeral Seguridade -Productividade	1.400,00 €



TIPO CREDITO	APLICACION ORZAMENTARIA			CONCEPTO	IMPORTE
SC	1532	13002	03	Pavimentación vías públicas- Outras remuneracións (CP laboral)	1.480,00 €
SC	920	15000	01	Administración xeral- Productividade	1.890,45€
SC	931	15000	01	Política económica e fiscal- Productividade	3.485,13 €
				<b>Total</b>	<b>40.873,84 €</b>

**TOTAL HABILITACIÓN**..... 40.873,84 €

**II- FINANCIAMENTO:** *Remanente de Tesourería para gastos xerais:*

Concepto	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais.	40.873,84 €
<b>TOTAL FINANCIAMENTO</b>		<b>40.873,84 €</b>

**III) RESUMEN:**

	IMPORTE €
1.-Total suplemento de crédito .....	40.873,84 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente líquido tesourería.....	
	40.873,84 €
3.- Financiación igual a habilitación.....	40.873,84 €

**SEGUNDO:** *Que este expediente de modificación de crédito (Suplemento de crédito 1/2018, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Tui, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.*

**TERCEIRO:** *Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.”*

Comeza a súa intervención o Sr. Prada Álvarez dicindo que vai ler o escrito do Sr. Capón Rey, que sinala que o seu voto sería abstención polo seguinte: a) o informe de intervención é totalmente contrario, b) se aprecia un orzamento mal feito porque están as partidas esgotadas, c) a incidencia maior de horas extras non está relacionada ca desgracia de Paramos sinon ca Policía municipal,

obras e outros que poderían e deberían ser previsibles , e d) en calquera caso os traballadores teñen dereito a cobrar. O Sr. Prada manifesta que se une ao dito polo Sr. Capón Rey.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e pregunta o porque dun pleno para as 9:00 h da mañá para isto. Sinala que non cre necesario un pleno extraordinario cando fai 15 días se celebrou o ordinario e se ten o seguinte pleno ordinario pronto. Manifesta que todo isto é polas liortas internas no goberno. Engade que cre que non son formas e que isto amosa a negligente xestión do goberno. Alude a que o informe de intervención é claro e diáfano e que advirte de irregularidades graves no departamento de persoal e policía. Felicita ao Sr. Martínez Tato, que estivo de responsable da nave e sen emolumentos xestionou de maneira magnífica a recollida do lixo e a recollida nas parroquias. Comenta que agora non se atende ese traballo e se pide a un traballador que se encargue do traballo da nave, engadindo que hai un concelleiro con media dedicación de 1500€ e ten un traballador xestionando á nave. Continúa o Sr. Alonso Álvarez indicando que o Alcalde é o do birrete e os do PP son os da boina, e que isto é a derrota clara xa do seu goberno, a presión da boina foi a que fixo que se convocara este pleno extraordinario, e é o pleno da boina, non do birrete.

A continuación o concelleiro se refire ao informe de intervención e sinala que a policía pasa horas extraordinarias polo pleno e que hoxe se ten abaixo un coche da policía para un pleno pola mañá sen apenas asistentes. Alude a que o 60% das horas extraordinarias son da policía, e que tamén hai horas extraordinarias da policía polas manifestacións de Paramos e horas extraordinarias polas procesións. Continúa indicando que o informe de intervención recolle que o salientable é que a duración dos reforzos coincide cunha quenda de 8h e non coa duración real dos acontecementos que precisan de reforzo, así para os plenos o reforzo comeza ás 14:00 horas cando o pleno comeza ás 20:00 horas, e isto demostra unha ausencia total de control.

Agora intervén a Sra. Núñez Méndez dicindo que isto era previsible, xa que a forma de traballar do goberno é por improvisación e sen planificación previa. Se refire a que o informe de intervención é demoledor e a que acaba de aprobarse un plan económico financeiro e isto supón de novo o seu incumprimento. Comenta que hai traballadores que acumulan 260h extraordinarias, excedendo das 80 h, e a que a maioría destas horas son pola recollida do lixo, pola retirada de vespas velutinas... Engade que aquí aproveita para pedir que o PP do goberno de Tui presione para que a Xunta asuma a súa responsabilidade en asuntos da súa competencia como a vespa velutina. Continúa a Sra. Núñez Méndez indicando que acábanse de aprobar uns orzamentos e as partidas están esgotadas, o que deixa ver uns orzamentos mal feitos. Remata a súa intervención indicando que algúns traballos son de abril, polo que levan 7 meses de retraso para o pago.

Intervén a Sra. Rodríguez Rodríguez e di que este punto que se trae é similar ao de plenos anteriores. Engade que o Alcalde pese a ter 800.000 € a maiores os está xestionando mal, e que cada concelleiro gasta sen ter coñecemento o resto dos concelleiros nin o alcalde. Comenta que o Alcalde volve a trasladar a súa responsabilidade ao pleno e que na súa mala xestión está metendo á oposición no mesmo saco. Continúa a concelleira indicando que non viu ningún punto dende que goberna o actual goberno en que se fixeran responsables de algo. Manifesta que isto chegou por irregularidades no control de determinadas áreas, que ningún dos reparos que se traen hoxe aquí van acompañados de informes dos concelleiros, e que os reparos tráense aquí, a pleno. Sinala que a débeda cos traballadores foise acumulando e que cando xa non teñen máis remedio, porque os traballadores se plantan, tráenno a pleno. Comenta que a realidade é que hai que pagar as horas porque os traballos están realizados, e que por responsabilidade por parte da oposición se van abster.

Agora toma a palabra o Sr. Castro Negro e di que esas horas extras si foron consumidas. Sinala que hai horas por substitucións de traballadores, que non é algo novo e se fixo noutros anos. Engade que hai horas polos operarios en contra da vespa velutina, con dúas persoas diarias. Fai alusión a que lle



chama a atención o que dixo a Sra. Núñez de que é competencia da Xunta, porque foi un acordo do seu compañeiro coa Xunta, de que a Xunta puña os medios e o concello os operarios.

Da recollida do lixo, o Sr. Castro recorda ao Sr. Cabaleiro González cando dixo que non se facían máis horas extras no lixo e que ditas horas se cambiaban por días libres, e entón veuse que así non se podía facer, e retrocedeuse e volveuse ás horas extras.

En relación coa policía sinala o Sr. Castro Negro que a policía estivo varios meses 8 horas diarias nunha patrulla estática alí, en Paramos, e que iso foi un acordo negociado coa Garda Civil e a policía autonómica. Manifesta que o de Paramos si afectou e que aínda hoxe se fan controis varias veces ao día.

O sr. Alcalde intervén para dicir que o obxectivo é poder pagar as horas acumuladas, porque o traballo hai que pagalo, e se se pode pagar agora en vez de en maio (como se viña facendo en gobernos anteriores), pois mellor. Comenta que os créditos extraordinarios teñen que vir a pleno, non veñen por capricho, e que molesta que certos debates se dean en público, pero que eles traen a pleno o que corresponde por Lei.

O Sr. Alcalde pídelle á Sra. Rodríguez que non fale.

A Sra. Rodríguez Rodríguez responde que non está interrompendo nin facendo ruído, e sinala que só consulta co seu compañeiro igual que fai vostede, polo que vostede ao seu e eu ao meu.

O Sr. Alcalde di que as substitucións hai que remuneralas, e que máis servizos é máis persoal supón máis custos e máis horas extras. Respecto da vespa velutina sinala que foi un erro asinar ese convenio coa Xunta de asumir o custo persoal para a retirada dos niños. Engade que hai unha gran cantidade de horas extras en lixo e que iso foi outra decisión súa. Sinala que tamén hai gastos asociados a Paramos, tanto na policía como en servizos sociais. Alude a que hai un problema organizativo do concello, a que a estrutura de persoal do concello non está adaptada aos servizos que hai que atender, e a que por iso se meteu unha partida para o estudo da RPT nos orzamentos, indicando que a oposición votou en contra dese orzamento (menos o Sr. Prada).

Continúa o Alcalde indicando que nunca foi do PP, pero que entre a boina e o birrete sempre simpatizou máis coa boina, como galeguista. Engade que él ao Sr. Alonso Álvarez non lle di que está no partido comunista de España, porque o Sr. Alonso está nunha organización onde está o partido comunista de España, e faltaría menos á verdade dicindo isto que cando o Sr. Alonso Álvarez di que eu estou no PP.

Intervén o Sr. Prada Álvarez e di que os traballadores teñen o dereito a cobrar aínda que a xestión municipal non sexa a adecuada, polo que se vai a abster.

O Sr. Alonso Álvarez di que el é militante de Anova. Continúa indicando que o Alcalde conta cousas que son falsas e pregunta que teñen que ver os orzamentos e a súa votación. Pide que lle diga se os orzamentos son rigurosos e sinala que por iso os votaron en contra. Indica que non hai problemas coas substitucións, pero que ninguén falou sobre o que dixo el sobre as horas extras. Pregunta por qué está a policía abaixo cobrando horas extras. Comenta que o Alcalde mentiu cando dixo que o que estaba antes na nave cobraba máis, agora hai un plus dun traballador da nave de 700 € máis 1200 un concelleiro, e isto é máis que o que se gastaba antes.

Continúa a intervención o Sr. Alonso Álvarez indicando que a vespa velutina está matando xente, felicita ao Sr. Tato por ese convenio e preguntalle ao Alcalde qué quere, que a xente morra?. Engade que o Alcalde si tivera un mínimo de responsabilidade non xogaba con isto, e que por suposto que hai que erradicar os niños de vespa, porque a Xunta non o asume se ben é da súa responsabilidade, e é un problema de saúde pública.

Intervén a Sra. Núñez Méndez recalcando que por suposto que hai que pagar horas polos niños de vespa velutina. Alude a que o acordo é da Xunta non co concello de Tui, se non que é un acordo da Xunta con practicamente todos os concellos de Galicia dada a inacción da Xunta. Engade que é un problema medioambiental e de saúde pública e que o que hai é que presionar a Xunta para que aborde ese problema. Comenta que o Alcalde dixo que asumía o liderazgo de Paramos e a súa capacidade de xestión, sinala que a maioría desas horas non teñen que ver con Paramos, e pregunta que xestión fixo de maio a outubro de 2018, que fixo na pirotecnia previo ao asunto de Paramos. Alude a que o Alcalde viaxou a Madrid cun saco de escombros, e sinala que iso son pallasadas, pero non culmina o expediente.

O Sr. Cabaleiro González toma a palabra e di que houbo un pleno en outubro e haberá outro en novembro, e que o normal é que se levara a eses plenos. Indica que ven a un pleno extraordinario porque os traballadores estaban presionando ao Sr. Castro e o Sr. Castro deu un golpe na mesa e esixiulle este pleno. Indica que as partidas vinculadas están esgotadas, que hai falta da máis mínima previsión e que un orzamento serio tería previsto estas cuestións. Comenta que o Alcalde di que falta persoal e que o vai arranxar cun estudo da RPT. Comenta que a primeira modificación que houbo da RPT a fixeron eles, e que eles crearon a xefatura de persoal e modificaron o técnico de Secretaría. Engade que coa cantidade que reservou o Alcalde non vai facer estudo da RPT ningún. Prosegue a intervención o Sr. Cabaleiro dicindo que as obras de mantemento de infraestruturas públicas están externalizadas e ninguén certificou os traballos. Comenta que coa vespa velutina claro que a Xunta nos colou un gol, pero que o tema era de tal gravidade que houbo que tragar con el, porque un tema de tal gravidade non se podía deixar abandonado. Engade que o Alcalde non cambiou nada e que o goberno non foi capaz nin de regar unha pranta e secaron todas, e esa foi a súa xestión en servizos públicos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e dille ao Sr. Alonso Álvarez que está En Marea, onde está o Partido Comunista de España, e que hai 100 millóns de mortos no debe do Partido Comunista no mundo.

O Sr. Alonso Álvarez di que isto non ven a conto.

O Alcalde dille que non interrompa.

O Sr. Alonso Álvarez di que el está en Anova.

O Sr. Alcalde avisa ao Sr. Alonso Álvarez de que lle fai unha segunda advertencia de que non interrompa. Continúa o Alcalde indicando que lle preguntan porqué ten que haber policía no pleno, e sinala que polo seu comportamento, porque algúns de vostedes non se comportan de xeito educado e civilizado no pleno.

O Sr. Alonso Álvarez dille ao Alcalde que vostede sempre tivo medo.

O Alcalde advirte tamén a Sra. Rodríguez de que é a 2ª advertencia que lle fai e de que na seguinte expulsaraa.

Continua o Sr. Alcalde coa súa intervención dicindo que onde o concello asume o convenio da vespa velutina se hai un morto o concello asume un risco de responsabilidade patrimonial, sen embargo en concellos onde non se asina é a Xunta a que ten a responsabilidade patrimonial (como en Porriño), e engade que non lle veñan a falar de xestión. Engade que hai acumulación de horas extras na policía porque hai moitas cousas que atender. Remata a súa intervención indicando que se trouxo porque por prazos é a forma de que os traballadores poidan cobrar.

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación a proposta de alcaldía de data 6 de novembro de 2018, que resulta **aprobada con trece (13) votos a favor** (3 do PSdG-PSOE, 2 do BNG, 3 do PP, 2 de C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de Mª Jesús da Silva do GMixto) e **dúas (2) abstencións** (1 do concelleiro non adscrito José Prada Álvarez e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto).

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:



**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de **Suplemento de Crédito número 1/2018 (Modificación de Créditos nº.: 26/2018)**, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 40.873,84€ de acordo co seguinte detalle:

**I.- GASTOS:**

**Habilitación: Aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos ás que se suplementa crédito.-**

TIPO CREDITO	APLICACION ORZAMENTARIA			CONCEPTO	IMPORTE
SC	130	13001	01	Administración xeral Seguridade -Horas extraordinarias	11.084,10 €
SC	130	15100	01	Administración xeral Seguridade –Gratificacións	7.800,11 €
SC	150	15100	01	Administración xeral Viv. Urbanismo-Gratificacións	2.487,27 €
SC	1532	13001	01	Pavimentación vías públicas -Horas extraordinarias	84,80 €
SC	1532	15100	01	Pavimentación vías públicas- Gratificacións	678,56 €
SC	1621	13001	01	Recollida residuos -Horas extraordinarias	6.756,81 €
SC	1621	15100	01	Recollida residuos- Gratificacións	1.366,89 €
SC	164	13001	01	Cemiterios -Horas extraordinarias	1.164,05 €
SC	231	13001	01	Asistencia social primaria -Horas extraordinarias	830,25 €
SC	340	13001	01	Administración xeral deportes -Horas extraordinarias	365,42 €
SC	130	15000	01	Administración xeral Seguridade -Productividade	1.400,00 €
SC	1532	13002	03	Pavimentación vías públicas- Outras remuneracións (CP laboral)	1.480,00 €
SC	920	15000	01	Administración xeral- Productividade	1.890,45€
SC	931	15000	01	Política económica e fiscal- Productividade	3.485,13 €
				<b>Total</b>	<b>40.873,84 €</b>

**TOTAL HABILITACIÓN**..... 40.873,84 €

**II- FINANCIAMENTO:** Remanente de Tesourería para gastos xerais:

Concepto	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais.	40.873,84 €
<b>TOTAL FINANCIAMENTO</b>		<b>40.873,84 €</b>

### III) RESUMEN:

	IMPORTE €
1.-Total suplemento de crédito .....	40.873,84 €
2.- Financiación:	
a)  Novos ingresos.....	
b)  Baixas por anulación.....	
c)  Remanente líquido tesourería.....	
	40.873,84 €
3.- Financiación igual a habilitación.....	40.873,84 €

**SEGUNDO:** Que este expediente de modificación de crédito (Suplemento de crédito 1/2018, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Tui, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

**TERCEIRO:** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde se levanta a sesión ás nove horas e cincuenta e nove minutos, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, dou fe.